

Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 8. MARZO
DE 2025

O CONFLITO DE ALTRI

- A liberdade da auga
Por Joaquín Araújo
- O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA
Por Sonia Villapol Salgado
- O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri
Por Rubén Camilo Lois González
- Outono roubado. Ensaio sobre ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri
Por Horacio García
- A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa
Por Francisco Pardo Teijeiro
- Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur
Por Ana Escariz Pérez



HISTORIA

- Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa
Por Fernando Salgado
- Segundo fragmento de «Amoexa. Memoria dos cincuenta». *Por Pepe do Xastre*

PATRIMONIO

- Arredor da toponimia maior do concello de Antas de Ulla
Por Andrea Santiso Arias
- Historias de cultura en Antas de Ulla
Por Patricia Coubeiro

CREACIÓN

- Tres poemas
Por Adela Figueroa Panisse
- A Ulloa berra non
Por Paco Ledo
- Terra!
Por Toño Núñez
- Un conto inventado ou non
Por Pablo Coubeiro Rodríguez

A LEI DI QUE «AS ACTUACIÓNS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN MATERIA DE PAISAXE DEBEN ATENDER OS SEGUINTES FINS: PROTECCIÓN, XESTIÓN E ORDENACIÓN DA PAISAXE». MAIS NO CAMIÑO DE SANTIAGO, AO SEU PASO POLA ULLOA, NON FORON ATENDIDOS ESTES FINS AXEITADAMENTE POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

A PAISAXE EMOCIONAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA ULLOA

/ FRANCISCO PARDO TEIJEIRO

O termo «paisaxe emocional» carece de significación científica ou académica, habería que referilo á linguaxe coloquial ou ben ao eido da literatura e da arte, especialmente da pintura, mais sérvenos para contextualizar determinados espazos e referilos ás emocións que esperta certa paisaxe ao espectador, no noso caso aos peregrinos que, de camiño a Compostela, atravesan a comarca da Ulloa polas fermosas terras de Monterroso e Palas de Rei. Non só me refiro ao espazo físico que ocupa ese lugar e onde os peregrinos se relacionan, tamén ás emocións que xera a percepción e desfrute desa paisaxe como fonte de múltiples vínculos nunha atmosfera de empatía, espiritualidade, solidariedade e autoafirmación, que é a que define ao Camiño de Santiago.

Sen dúbida, son os coñecementos de xeografía física, botánica, xeoloxía ou xeografía humana e económica, e os correspondentes estudos descritivos e análises cuantitativas, os que nos facilitan unha mellor e máis ampla apreciación da paisaxe, mais son o carácter subxectivo, as sensacións que formalizan a percepción, e a sensibilidade e os valores estéticos propios, os que configuran o que chamamos «paisaxe emocional».

É a subxectividade a que proporciona a dimensión afectiva na interpretación e valoración da paisaxe do Camiño, na que valores como o esforzo, a ansia de superación, a humildade ou a tolerancia avivan o crecemento persoal do peregrino, o que lle permite descubrir a súa potencialidade. Establecese, polo tanto, unha relación necesaria entre percepcións, emocións e lugares concretos, nos que a visión subxectiva do peregrino interactúa co espazo que percibe e disfruta, configurando os elementos estruturais da súa experiencia persoal. A visión espacial do lugar convértese deste modo en relacional.

Dende outra perspectiva poderíamos falar de procura, de prospección e introspección, ou mesmo de aventura, que se verían contaminadas pola banalidade do consumismo ao que levaría a xestión do Camiño como simple recurso turístico. Podemos percibir a paisaxe do Camiño, e concretamente no seu paso pola Ulloa, simplemente como algo fermoso ou que produce sensacións pracenteiras. A maridanza, as proporcións e o equilibrio entre os diferentes compoñentes da paisaxe, son as que determinan a súa beleza, as que lle dan coherencia e placidez. Mais dende o punto de vista estético non podemos incidir sobre ela, a non ser que o fagamos cos recursos da literatura ou da pintura, que nos servirán para enriquecela ou mesmo distorcela, promovendo, xa que logo, novas emocións.

Ramón Otero Pedraio consideraba as paisaxes galegas como definidoras da nosa identidade. Deixounos textos enchidos de luz e cor que nos falan da súa riqueza cromática:

Marelos de millo, amarantes de solpores, verdes ramos de ponlas
olladas na auga clara das regueiras, ouros de musgo e eses azuis
irmáns dos que pintan os cabaceiros. O roxo en Galiza non é o berro

estridente senón a lapa da cociña, a cor da flor, como o azulé un azul de flor de liños¹.

Foi Otero peregrino na Ulloa, en 1927, nunha peregrinación que se entrecruza cos Camiños a Compostela, a da súa «pelegrinaxe» de Ourense a Santo André de Teixido. Do seu paso polas terras de Palas de Rei temos unha breve pero expresiva descrición na que resalta o verdor da paisaxe da nosa comarca e amosa a importancia e a necesidade da continua presenza de auga para a súa mantenza:

Aniñada nas terras verdecentes da montaña, unha montaña de tipo entrá chaira e a abombada das serras. Iste verdor de Lugo é outra cousa do de veiramar, e do ourensán. Un verdor denso, forte, indiferente, mollado de augas constitucionais².

A auga, na terra das mil fontes e regatos que é a Ulloa, berce do río Ulla, está sempre presente no seu relato. Se para Otero Pedraio o verdor define a identidade lucense, a auga faino para A Ulloa. É condición *sine qua non* da súa realidade, a que nutre e fai posible a percepción e a interiorización da súa verde contorna. A Ulloa como «terra-berce» do maior río integramente galego, a dos «riños-nenos» que todos xuntos mostran a gran forza da unidade, ten para Otero «montañas en roda» que protexen docemente, en Monterroso, o seu nacemento³, e nela xurde tamén a idea de río propio e xeneroso, concepto que se vai engrandecendo conforme medra coas achegas doutros máis pequenos pero vizosos ríos, ata a súa desembocadura na máis produtiva das rías, a de Arousa.

Hai unha dozura de Monterroso que pende do seu papel xeográfico de creador, de berce do río Ulla. As montañas dispuxéronse n'un xeito de roda pra defender as fontes do río da friaxe dos chaos outos. Cada unha pon un fío d'auga fresqueira e leda e deusa que ensaie xogos de val nacente c'as suas compañeiras. Toda a cunca está cruzada por riños-nenos que xogan a grandes e un nstante encovan nos lameiros e refrexan a pálida ensonazón dos bidos. Mais

- [1] Otero Pedraio, R. (1929): *Pelegrinaxes I*. A Coruña: Ed. Nós. Sada: Ed. Facsimilar de Ediciós do Castro 1993, 70
- [2] Otero Pedraio (1929: 97).
- [3] O río Ulla nace na Chousa da Poteira, nos montes de Olveda (Antas de Ulla), segundo os estudos do xeógrafo palense J. Horacio García publicados en GARCÍA, H. (2021): «Onde nace o río Ulla? Un percorrido científico na busca das súas fontes». *Cairón. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns*, 7, 149-165.

fixéndose ben todas as augas corren. Xa levan en si a idea do río Ulla. Ulloa chámase ista terra-berze⁴.

Non podemos, na nosa análise, separar a dimensión estética da humana. Quen realmente modifica e constrúe a paisaxe rural, a paisaxe dominante na Ulloa, é o labrego. A nosa é unha paisaxe antrópica, que non se concibiría sen a presenza humana, sen o campesiñado que a labrou durante séculos en equilibrio coa natureza. Dicia Celestino Fernández de la Vega que a paisaxe sen o home é silencio⁵. O silencio da lousa no nacente ulloán e o granito no poñente, das cristas de seixo, da penedía, da singularidade das serpentinitas e rochas ultrabásicas, que compoñen o singular substrato xeolóxico da Ulloa. O silencio que se converte en agresión coa alarmante eucaliptización, día a día máis invasiva, co declive da biodiversidade, a extinción da flora e fauna autóctonas, de endemismos únicos no mundo, o maior tesouro da Ulloa, ameazados por intereses alleos.

O territorio precisa da transformación humana. O edafólogo Francisco Díaz-Fierros⁶ formula esta relación en termos de diálogo entre natureza e seres humanos. Se as aldeas desaparecen por non ser os xestores do territorio quen de manter o uso sostible da terra, se son desatendidas, o diálogo enmudece e a paisaxe desconfigúrase. E retorna o silencio.

A pesar das súas constantes definitórias, a paisaxe do Camiño varía no espazo e no tempo. Aprécianse nela cambios estacionais, naturais e antrópicos, para o camiñante o seu grande atractivo, e consecuentemente cambios emocionais, que fan que variar a percepción dun mesmo lugar. Non estamos a falar de paisaxes estáticas, inmutables. Di Raffaele Milani, director do Laboratorio di ricerca sulle città e i paesaggi, que a paisaxe non é só natureza, senón tamén «cultura», «historia» «aventura», porque non institúe

[4] Otero Pedraio (1929: 72).

[5] Fernández de la Vega, C. (1958): «Abrente e solpor», en *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia, 103-128.

[6] Díaz-Fierros Viqueira, F. (2009): «Introdución», en Díaz-Fierros, F. & López Silvestre, F. (Coords.): *Olladas críticas sobre a paisaxe*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 10-15.



máis que regras provisionais e mutantes⁷. A pegada histórica deixa novas formas na paisaxe ao emerxer modelos de organización que, no caso da Ulloa, perduran no tempo (Figura 1), definindo espazos e enriquecendo a linguaxe, como indica o xeógrafo Rafael Mata:

En moitas paisaxes, pero sobre todo nas construídas sobre relevos suaves, de maior potencial agrolóxico, os cultivos contribúen decisivamente a configurar a imaxe da paisaxe e a atribuírlle a súa marca principal de identidade. É sobre todo neses casos cando un cualificativo especificamente agrícola se utilizou para enriquecer e diferenciar as denominacións da forma física da paisaxe, que, xustamente nas paisaxes de maior peso agrario, ten nomes que, na linguaxe común, evocan, asemade, un determinado tipo de relevo e unha forma de cultivo e aproveitamento: así ocorre con campiña, veiga e, mesmo, con chan e páramo⁸.

En canto á biodiversidade, destacaba a escritora e bióloga Mailar Jiménez Aleixandre no discurso *Voces tremando da paisaxe galega* da súa recepción na Real Academia Galega⁹, a harmonía que na nosa paisaxe proporcionan ás árbores caducifolias autóctonas, subliñando a importancia de darlle o

Figura 1.
Patrimonio natural e cultural no Camiño. Canella e Cemiterio de peregrinos no Camiño Francés en Ligonde (Monterroso).

-
- [7] Milani, R. (2009), «A paisaxe como institución da estética», en Díaz-Fierros, F. & López Silvestre, F. (Coords.): *Olladas críticas sobre a paisaxe*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 51.
 - [8] Mata Olmo, R. (2009), «O atlas das paisaxes de España», en Díaz-Fierros, F. & López Silvestre, F. (Coords.): *Olladas críticas sobre a paisaxe*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 163.
 - [9] Jiménez Aleixandre, M. (2017): *Voces tremando da paisaxe galega*. A Coruña: Real Academia Galega, 38. Accesible en <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/315>.



Figura 2.
Explotación agrícola
e gandeira ás beiras
do Camiño en
Ligonde e na Previsa
(Monterroso)

valor que merecen ás plantas ventureiras, aquelas que nacen e medran sen ser plantadas nin sementadas:

[...] certo que as voces dos carballos, dos soutos e castiñeiros, das bidueiras, capudres, acivros, pradairos e faiais tamén contribúen ás harmonías da paisaxe. As beiras dos ríos non serían iguais sen o lóstrego avermellado das vimbieiras. Porén quero chamar a atención sobre a necesidade de atender ás plantas ventureiras. [] Sabugueiros, espiños roseiras, abruñeiros, pereiras bravas e outras plantas silvestres tiñan cubillo nas sebes.

Á paisaxe do Camiño, condicionada polos modelos produtivos agrícolas tradicionais, amosa unha perfecta harmonía co medio natural, nun permanente equilibrio entre explotacións agrícolas e gandeiras (Figura 2), ordenadas aldeas, sebes, valados de pedra, fragas, masas forestais de especies autóctonas, áreas de matogueira ou penedías, ecosistemas moi variados e base da biodiversidade, tanto de flora como de fauna, que ata hoxe preserva a Ulloa. Refírese o xeógrafo Pierre Donadieu a esta esencia do mundo rural, en canto a calidade do nivel de vida, nos seguintes termos:

Faise tamén a constatación de que as calidades do nivel de vida rural -a pureza do aire e da auga, a limpeza dos solos, a riqueza da biodiversidade, o atractivo das escenas paisaxísticas, a diversidade do patrimonio histórico, a facilidade de acceso- son fonte dun maior benestar tanto dos habitantes -incluídos os agricultores- como dos turistas.¹⁰

[10] Donadieu, Pierre (2009): «Aceptaron as sociedades rurais europeas as políticas paisaxísticas públicas?», en Díaz-Fierros, F. & López Silvestre, F. (Coords.): *Olladas críticas sobre a paisaxe*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 281.



Non pretendemos caer no reduccionismo de restrinxir a descrición da paisaxe do Camiño a arquetipos limitadores, simplemente preténdese remarcar o seu carácter patrimonial e o seu peso na valoración que o peregrino fai da súa experiencia. A percepción é diferente se quen opinan son os habitantes do territorio, vinculados á produción agrícola e gandeira, en canto transformadores e conservadores da paisaxe, que se o fan os camiñantes, cuxa experiencia vai máis alá da simple contemplación da paisaxe, na busca das sensacións que lles ofrecen os espazos abertos e panorámicos, ou os de máis abeiro, onde emanan con fluidez as emocións.

A «paisaxe emocional» do Camiño é, polo tanto, o resultado dunha dobre interacción. Por unha parte, os lugares inflúen nas repostas emocionais de cada observador, xa que as características específicas da paisaxe espertan sentimentos particulares. Por outra, o camiñante interpreta a paisaxe cos seus criterios e valores, outorgándolle unha ordenación coherente e persoal. Cada uso e desfrute da paisaxe leva a unha interacción observador-paisaxe diferente, mais para que se produza esa interacción é necesaria unha certa afinidade, precísase de sintonía emocional entre a paisaxe e a estrutura cognitiva e a sensibilidade do suxeito, vinculando ao peregrino á paisaxe e ao seu camiño.

En entrevistas realizadas polo Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) en Palas de Rei, nos veráns de 2023 e 2024, a peregrinos de procedencia española e latinoamericana, a maior parte deles manifestaron que o que máis impresión lles causara no Camiño que levaban percorrido, e o que máis valoraban, era a natureza e a paisaxe (Figura 3). Moitos deles

Figura 3.
Carballos nas marxes
do Camiño Francés
en Palas de Rei



Figura 4.
Paisaxes de pastoreo
nas beiras do Camiño
de Santiago en Portos
(Palas de Rei)

visitaran as igrexas do Camiño para selar as súas credenciais, máis non entraran a coñecer todas as igrexas románicas, se ben apuntaron que nalgunhas atoparon as portas pechadas.

Os peregrinos con maiores inquedanzas manifestaron a necesidade da aproximación á natureza, e estimaron o exercicio físico, a motivación e o esforzo no gozo pleno da paisaxe, encontrando o maior desfrute nas paisaxes de pastoreo. Pero non é a vista panorámica destas paisaxes a única que valoraron, fixérono tamén cos íntimos lugares de repouso que atoparon na súa ruta: sombrizas carballeiras, fontes ou o abrigo dos lavadoiros cubertos, humildes pontellas, regatos, espazos acolledores onde estaba sempre presente a auga, aos que chamaron «espazos de silencio», fronte ao boureo desmedido da peregrinación masiva.

A paisaxe de pastoreo (Figura 4) fundaméntase no labor das pequenas e medianas explotacións agrogandeiras da Ulloa, das cales temos mostras na mesma beira do Camiño (Figura 2). Dada a súa relevancia na promoción do Camiño de Santiago, unha das máis destacadas empresas nacionais do sector lácteo instalou, chegando ao concello de Monterroso, un banco con vista aos pastos que, co slogan «Goza desta paisaxe de pastoreo», invita ao camiñante a deterse e desfrutar da paisaxe tradicional da Ulloa (Figura 5).

Non son só as explotacións agrarias e gandeiras as que estruturan e manteñen a paisaxe rural. É a silvicultura, tanto no referente á explotación dos montes comunais como a de grandes ou pequenos predios particulares, unha das



Figura 5.
Banco con vista
panorámica da paisaxe
de pastoreo no
Camiño de Santiago.

actividades que máis a condicionan. Lamentablemente, en casos nos que se ten reparado en certo impacto ambiental ou paisaxístico por malas prácticas forestais, con incumprimento das leis de protección deses espazos, non sempre se impuxeron sancións nin se esixiron responsabilidades.

Son as administracións as que teñen que facer cumprir a lei e velar pola protección e ordenación da paisaxe do Camiño de Santiago, en tanto Vía recoñecida de interese cultural e catalogado pola Unesco como Patrimonio da Humanidade dende 1993. A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia di no seu artigo 6º que «as actuacións das administracións públicas en materia de paisaxe deben atender, como mínimo, os seguintes fins: protección, xestión e ordenación da paisaxe». Mais no Camiño de Santiago, ao seu paso pola Ulloa, non foron atendidos estes fins axeitadamente polas administracións públicas.

O crecente proceso de eucaliptización do monte na Ulloa, e mesmo do agro, ocasiona un impacto ambiental e paisaxístico que en moitas ocasións non é avaliado nin sancionado polas administracións correspondentes. Valla como exemplo tres plantacións de eucaliptos nas beiras do Camiño Francés que foron oportunamente xeolocalizadas e fotografadas e que incumpren diferentes normativas.

Plantación de eucaliptos n.º 1.- Na localización $42^{\circ}50'43.5''N$ $7^{\circ}45'09.6''W$ unha plantación de eucaliptos

Figura 6.
Plantación de eucalipto
de varios anos no
contorno de protección
do Camiño Francés
(Plantación n.º 1).



duns dez anos, situada a 6 metros da liña exterior do Camiño Francés, vese afectada pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no Artigo 38. «Contornos de protección subsidiarios», apartado 2 b) como Vía de interese cultural establece un contorno de protección de 30 metros.

Plantación de eucaliptos n.º 2.- Na localización $42^{\circ}50'53.6''N$ $7^{\circ}45'30.4''W$ unha plantación de eucaliptos de poucos anos, situada entre plantacións máis antigas de eucalipto e a menos de 3 metros da liña exterior do Camiño Francés, vese afectada pola Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago, no artigo 11 apartado 2 d) co que queda prohibida a corta de arboredo, mais coa autorización da Consellería de Cultura poderá permitirse a corta illada de árbores coa obriga da plantación inmediata de especies autóctonas.

Está afectada igualmente pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. No Artigo 38. «Contornos de protección subsidiarios», apartado 2 b) como Vía de interese cultural establece un contorno de protección de 30 metros. E no Artigo 78 «Usos e actividades prohibidas nos Camiños de Santiago», apartado 2 e 2 b) no ámbito de tres metros a ambos os dous lados da traza a partir da súa liña exterior prohibese a plantación de especies forestais alóctonas.

Plantación de eucaliptos n.º 3.- Na localización $42^{\circ}52'18.5''N$ $7^{\circ}48'10.4''W$ unha plantación moi nova de eucaliptos (dos anos 2023 ou 2024), a 1,5 metros da liña exterior do Camiño Francés e nun terreo onde presuntamente houbo tallado de árbores, está afectada pola Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago, no artigo 11 apartado 2 d).



Figura 7.
En primeiro plano, plantacións novas de eucalipto a menos de 3 metros do Camiño Francés (Plantación n.º 2). En segundo, paisaxe rural tradicional e a súa ordenación territorial: aldea, sebes, prados, carballeiras, soutos.



Figura 8
Plantación moi recente de eucalipto a 1,5 metros do Camiño Francés (Plantación n.º 3).

Vese afectada tamén pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. No Artigo 38. «Contornos de protección subsidiarios», apartado 2 b), e no Artigo 78 «Usos e actividades prohibidas nos Camiños de Santiago», apartado 2 e 2 b).

Como dixemos, a paisaxe do Camiño de Santiago fundaméntase na existencia de numerosas e ordenadas explotacións agrogandeiras que a modelan e preservan, e cuxa pegada histórica expresa modelos de organización do territorio que perduran no tempo e confiren á Ulloa o seu grande atractivo paisaxístico.

É o Camiño de Santiago, e moi especialmente o Camiño Francés, un dos principais motores da economía da Ulloa, despois do sector primario, centrado no aproveitamento dos recursos agrícolas, gandeiros e forestais, que a súa vez é no que recae a preservación da paisaxe tradicional, un dos reclamos do Camiño.

No sector secundario, existen nos tres concellos da comarca seis empresas de máis de 50 traballadores. Dúas delas chegan a superar os 100, sumando en total entre 350 e 400 empregos segundo a tempada. Excepto unha, especializada en deseño e distribución internacional de material deportivo, as demais dependen directamente do medio natural ou da actividade agropecuaria, comercializando tamén produtos ecolóxicos ou de agricultura tradicional ou sostible. Son todas elas empresas altamente competitivas, líderes no seu ámbito, que destacan polo seu carácter innovador. Pola súa dependencia do medio natural, son especialmente vulnerables aos posibles impactos ambientais que se poidan producir na súa contorna, os cales poñerían en alto risco a comercialización dos seus produtos ou ben danar irreparablemente a imaxe de empresa que tanto esforzo requiriu, perdendo así competitividade e a súa cota de mercado.

Ao analizar a produción económica da Ulloa hai que ter en consideración as numerosas explotacións gandeiras e queixerías, algunha de mediano tamaño pero na meirande parte empresas familiares e cun número reducido de traballadores, especializadas na produción de queixo artesanal e acollidas á Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa, a segunda en produción de España despois da

do queixo manchego¹¹, ás que habería que engadir outras queixerías familiares non adheridas á DOP.

A diferenza das industrias lácteas doutras comarcas lucenses, a produción queixeira da DOP Arzúa-Ulloa aporta un gran número de postos de traballo localizados en aldeas dispersas no territorio que abrangue, de modo que se converte no principal axente dinamizador do rural na Galicia Central e nun elemento fundamental para o desenvolvemento económico da comarca e a preservación da paisaxe que lle confire identidade á Ulloa e valor e atractivo ao Camiño.

Enfróntase o sector queixeiro a grandes retos. Dende o Consello regulador da DOP Arzúa-Ulloa, o actual presidente, José Luis Lamas, propón que aos produtores locais deberíase promover proxectos de desenvolvemento sostible que permitan manter as explotacións con producións competitivas que sirvan para dinamizar o rural¹². Xa en 2019 Xosé Luís Carrera Valín, entón presidente do Consello, manifestaba, en relación á competitividade, que o que valoriza os nosos queixos é a materia prima de calidade, como é o leite que responde á mesma área xeográfica, o seu sistema de elaboración, totalmente tradicional. Estes dous elementos son garantía e seguridade. Lembraaba Carrera que durante anos a DOP promocionou o queixo no Camiño co slogan «O queixo Arzúa Ulloa, a tentación do Camiño»¹³, o que evidencia outro vínculo do Camiño de Santiago coa Ulloa: o primeiro, a paisaxe; o segundo, os produtos locais e a gastronomía.

[11] O Consello Regulador da dop Arzúa-Ulloa certificou unha produción anual de 3.500.000 quilos de queixo en 2017. No ano 2020 etiquetáronse 3.800.000 pezas, que pasaron a 4.445.000 en 2023, cun crecemento do 4,67 % respecto a 2022.

[12] Entrevista a José Luis Lamas, presidente do Consello Regulador da dop Arzúa-Ulloa «As queixeirías dinamizan o rural, axudando a evitar que se desplome». *La Voz de Galicia*, 2-3-2024. Accesible en https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/arzua/2024/03/02/as-queixeiras-dinamizan-rural-axudando-evitar-despoboe/0003_202403S2C8991.htm.

[13] Declaracións de Xosé Luís Carrera, expresidente do Consello Regulador da dop Arzúa Ulloa. «Xosé Luís Carrera deixa a presidencia do órgano reitor de Arzúa Ulloa tras máis de vinte anos». *La Voz de Galicia*, 5-3-2023.

Mais no que incide directamente o Camiño de Santiago na Ulloa é no sector da hostalaría. Debido á crecente afluencia de peregrinos, nos últimos dez anos vivíuse na Ulloa un progresivo aumento de instalacións hoteleiras, albergues públicos e privados, casas de turismo rural, vivendas de uso turístico, cafeterías, restaurantes, supermercados e tendas. O maior desenvolvemento turístico apréciase en Palas de Rei, un concello de 3.368 habitantes que en agosto de 2024 tivo 7.169 pernoitas¹⁴. En Palas pasouse de 778 prazas hoteleiras e 33 aloxamentos turísticos en 2013 a 1.518 prazas e 69 aloxamentos en 2022¹⁵, é dicir, que aumentaron máis do dobre as instalacións pero sobre todo as de número menor de habitacións.

O número de pernoitas nos albergues públicos do Xacobeo diminuíu en 2023 e 2024 respecto aos anos anteriores á pandemia, e por outra parte, o peso do Camiño Francés en relación aos demais Camiños de Santiago mantíñase nun 45 % no mes de xullo de 2024¹⁶. Destes datos dedúcese, en primeiro lugar, a tendencia dos peregrinos a elixir aloxamentos privados para hospedarse, posiblemente casas de turismo rural, nos que fuxir das aglomeracións; e en segundo lugar, que o Camiño Francés, o máis valorado pola súa paisaxe e os servizos que ofrece, segue a ser o preferido dos peregrinos.

Aspiramos a que o turismo xerado polo Camiño de Santiago chegue a ser sostible económica, social e medioambientalmente. Para este fin precísanse sistemas de control da actividade turística e campañas de sensibilización e respecto polo noso patrimonio cultural e natural, así como unha axeitada xestión dos recursos naturais que dea prioridade a preservación da biodiversidade e da paisaxe.

Precísanse, xa que logo, políticas que potencien o turismo sostible e impulsen a dinamización do rural, promovendo o desenvolvemento de actividades agrogandeiras competitivas e da industria agroalimentaria vinculada. O director do

[14] Fonte: Instituto Nacional de Estadística de España (ine).

[15] Fonte: xornal *El Progreso*.

[16] Informe de ocupación de albergues públicos. Sistema de Intelixencia Turística. Xunta de Galicia.



Instituto de Estudos e Desenvolvimento de Galicia, o xeógrafo Rubén Camilo Lois González, concluíu no traballo que publicou en *Cairón* n.º 5 diferentes ideas para garantir o porvir agrario na Galicia central e xacobeá, que definen a paisaxes agrarias, sinais de identidade enriquecidas co paso de peregrinos por un Camiño de Santiago intimamente ligado á historia e ao carácter da Ulloa¹⁷.

Un exemplo de turismo sostible relacionado co Camiño de Santiago témolo en Arqueixal, o complexo de ecoagroturismo fundado e dirixido por Xosé Luís Carrera Valín na aldea de Santiago de Albá (Palas de Rei). As instalacións de Arqueixal (Figura 9), un referente nacional na produción ecolóxica e artesanal, no turismo ecolóxico e na dinamización do rural, engloban unha queixería, unha granxa de vacas leiteiras, pradarías e varias construcións de arquitectura popular, coas que se recuperou unha aldea tradicional da Ulloa na que se realizan visitas guiadas, talleres de elaboración de queixo, talleres terapéuticos e moi diferentes actividades culturais no seu «parladoiro».

Arqueixal, coma outras instalacións de turismo rural da Ulloa, non está situada ao pé do Camiño, senón na «contorna do camiño», nunha franxa máis ampla do estreito

Figura 9.
Peregrina con
Xosé Luís Carrera
no complexo de
ecoagroturismo
de Arqueixal.

[17] Lois González, R.C. (2021): «A Ulloa: a actividade agraria, entre o productivismo e o posproductivismo». *Cairón. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns*, 5, 32-57.

trazado actual que demandan os peregrinos que buscan o contacto coa natureza, fuxir da masificación e coñecer a gastronomía e a peculiaridade do lugar. Segundo Luís Carrera, o máis valorado polos peregrinos aloxados nas súas casas é a paisaxe da Ulloa e o coñecemento da zona. A maior parte deles chegan alí por mediación de axencias de turismo especializadas no Camiño. Un dos seus últimos hóspedes distinguidos foi o naturalista e escritor Joaquín Araújo¹⁸.

Se Arqueixal é un modelo de «paisaxe emocional» e lugar de relación e coñecemento para os peregrinos que visitan A Ulloa, non o é menos Parada das Bestas, outro referente do turismo sostible e da gastronomía galega que ten na aldea de Pidre (Palas de Rei) as súas instalacións, formadas por unha gran casa de pedra de arquitectura tradicional, palleira-comedor, casas anexas e piscina.


Suso Santiso, copropietario de Parada das Bestas, explicounos que a maior parte da súa clientela son peregrinos, de modo que poden abrir as súas portas case todo o ano grazas ao Camiño de Santiago, aos diferentes Camiños que conflúen na Ulloa¹⁹. O que máis valoran os seus hóspedes é a paisaxe, seguido da gastronomía, a tranquilidade e a arquitectura popular, e moitos deles mostraron a súa repulsa polo impacto na paisaxe dos cultivos de eucalipto nos montes que rodean ao Camiño. A maior parte dos seus clientes chegan tamén por mediación de axencias turísticas especializadas²⁰.

Porén, polo que é máis coñecida Parada das Bestas a nivel nacional é pola súa oferta gastronómica. Á fronte do

[18] Entrevista realizada a Xosé Luís Carrara Valín, fundador e director de Arqueixal en agosto de 2024.

[19] Entrevista realizada, en agosto de 2024, a Suso Santiso, copropietario da casa de turismo rural Parada das Bestas.

[20] Ademais dos peregrinos foron moitas as celebridades que se aloxaron nesta casa de turismo rural. Foi moi divulgada a estancia da actriz Gwyneth Paltrow na súa ruta gastronómica por España cando rodaba o documental *Spain... on the road again*. Visitárona tamén persoeiros do mundo da gastronomía como o crítico Mark Bittman, o cocineiro español-estadounidense José Andrés ou o *chef* italoamericano Mario Batali.



seu afamado restaurante está a chef e copropietaria, María Varela, membro do Grupo dos Nove, cos que comparte obxectivos, compromisos e valores éticos. María achegou creatividade e modernidade á cociña tradicional da Ulloa, creando unha cociña emocional, sinxela pero suxestiva, para a que utiliza produtos autóctonos, de proximidade, ou que ela mesmo cultiva no seu horto ecolóxico (Figura 10).

Cando falamos de Parada das Bestas estamos a falar de posta en valor do territorio, de respecto aos recursos naturais, de turismo sostible, de economía circular, de promoción do desenvolvemento do rural e, esencialmente, de «paisaxe emocional».

Ao deterioro que está a sufrir a paisaxe do Camiño Francés pola alarmante eucaliptización e a ausencia de protección, ademais dos problemas xerados pola súa masificación nos últimos anos, únese agora o proxecto de instalación en Palas de Rei da fábrica de pasta de celulosa de Altri-Greenfiber (proxecto GAMA), cunha produción inicial de 200.000 toneladas anuais de pasta de celulosa e de 400.000 nunha segunda fase.

O consumo de auga da fábrica de pasta de celulosa proxectada será de 46 millóns de litros diarios que se extraerán do río Ulla, dos que se reverterán ao propio río 30 millóns de litros diarios, a unha temperatura máis elevada, con maior concentración de sales e cargas orgánicas e cuns

Figura 10.
Horto ecolóxico e
instalacións turísticas
de Parada das Bestas.

altos valores de demanda biolóxica de osíxeno²¹, o que repercutirá na calidade da auga nun río do que se abastecen varios concellos da mesma cunca. A vertedura agravará a situación do encoro de Portodemouros, avaliado en dúas ocasións por Augas de Galicia como «masa de auga en deficiente estado de conservación con proliferación de cianobacterias tóxicas na estiaxe», degradación que afectará a toda a biodiversidade do río Ulla augas abaixo, engadindo un problema de contaminación á ría de Arousa, a máis produtiva das rías galegas, onde milleiros de persoas dependen do marisqueo o dos recursos pesqueiros.

A elevada emisión de CO₂ e gases contaminantes á atmosfera²², perigosos para a saúde ou causantes da chuvia ácida, precisará da construción dunha cheminea de 75 metros de altura que será visible dende toda a contorna e afectará moi especialmente ao Camiño de Santiago. Se engadimos o volume das edificacións da macrofábrica proxectada, o impacto visual será dunha gran magnitude.

A contaminación atmosférica provocaría, ademais de efectos nocivos para a saúde, unha degradación dos ecosistemas na contorna da fábrica nun radio estimando de 30 km, con consecuencias negativas para o sector agrogandeiro e para a biodiversidade. Os efectos socioeconómicos negativos estenderíanse de forma crítica a todas as propiedades arredor da parcela industrial proxectada e a sectores relacionados co turismo vinculado ao Camiño.

Cunha campaña publicitaria de Altri intensiva, iniciouse nos medios afíns un plan de difusión de informacións contraditorias que causaron certo balbordo na opinión pública. Dos primeiros 2.500 postos de traballo directos que se prometían, pasou finalmente a empresa a falar de 500. Posteriormente, dado que na primeira fase a produción sería

[21] Pola captación de augas e a vertedura dos efluentes industriais veranse afectados hábitats de tres especies animais en perigo de extinción: o aguaneiro, o mexillón de río e a libeliña *Macromia splendeverase*.

[22] Segundo o biólogo Ramón Varela as emisións tanto de óxidos de xofre e de nitróxeno como de gases de efecto invernadoiro da fábrica de Altri serán moito maiores que as da fábrica de Ence de Pontevedra, e alerta sobre a elevada emisión de partículas, especialmente as pm 2,5, responsábeis de problemas respiratorios e cardiovasculares. (Publicadas en *Nós Diario*, www.nosdiario.gal).

do 50 %, os empregos reducíanse tamén á metade, ata verse reducida a cifra entre 161 e 281 empregos directos no informe do Consello da Cultura Galega.

O proxecto de instalación dunha macrofábrica de pasta de celulosa na chamada Finca de Quintas (Palas de Rei), a menos de dous quilómetros do Camiño Francés, ameaza con destruír un dos espazos naturais máis relevantes da Galicia interior, no que existen poboacións de catro especies vexetais endémicas, asociadas aos afloramentos de serpentinitas, que non se encontran en ningún outro lugar do mundo e que necesitan urxentemente dun réxime de protección especial²³.

A Finca de Quintas, con máis de 200 hectáreas de prados, agros e matogueiras comprendidas nos concellos de Palas de Rei e de Santiso, atesoura grandes valores naturais. Neste espazo consérvase a maior riqueza de fauna vertebrada da Ulloa, ricos hábitats agrarios e naturais, e plantas endémicas en perigo de extinción. Non se dispoñía dela suficiente información científica xa que non figuraba nas mostraxes feitas na zona polos botánicos da USC ou nos plans promovidos pola Xunta de Galicia, mais en decembro de 2022 o socio do IEU, o biólogo e técnico en medioambiente Xurxo Mouriño, publicou en *Cairón* un artigo²⁴, no que ofrecía un listado detallado dos seus hábitats de interese comunitario, das especies ameazadas de flora vascular e da fauna de interese e ameazada.

A Finca de Quintas debería manter un uso agropecuario extensivo e ecolóxico, que contribuíse a deter a perda de biodiversidade, favorecer a soberanía alimentaria e promocionar proxectos de agroturismo. Pola súa gran extensión e diversidade de hábitats, e pola súa localización xeográfica, é o espazo adecuado para instalacións de investigación e didácticas no eido da botánica e da zooloxía. E pola súa situación, a carón do Camiño de Santiago, é o

[23] As especies endémicas que se encontran na Finca de Quintas, onde se proxecta construír a fábrica de pasta de celulosa son: *Armeria merinoi*, *Leucanthemum gallaecium*, *Santolina melidensis* e *Centaurea gallaecica*.

[24] Mouriño, J. (2022): «Que se sabe dos valores naturais da Finca de Quintas en Palas de Rei? Unha escolma do seu especial interese na conservación da biodiversidade». *Cairón. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns*, 6, 13-27.

lugar idóneo para a creación de espazos de encontro e de acollemento a peregrinos.

Dende finais de 2023 foron moitas as charlas informativas sobre a fábrica de Altri organizadas pola Plataforma Ulloa Viva, Greenpeace, Plataforma en Defensa da Ría de Arousa e outras asociacións das comarcas afectadas, e foron publicándose progresivamente novos informes de especialistas sobre o impacto ambiental que produciría una fábrica de pasta de celulosa dese tamaño e características.

O primeiro informe técnico sobre o impacto que a fábrica de pasta de celulosa tería sobre a biodiversidade foi o elaborado e divulgado pola Sección de medioambiente do Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) no mes de febreiro de 2024 e levou por título *Resumo dos efectos sobre a biodiversidade da ocupación para uso industrial dunha parcela de aprox. 366 ha nas parroquias de Remonde e Ramil (Palas de Rei)*²⁵.

A empresa promotora do proxecto presentara un estudo de impacto ambiental (EIA) absolutamente incompleto e deficiente²⁶, polo que o 27 de febreiro de 2024 o IEU presentou ante Augas de Galicia, Consellería de infraestruturas e mobilidade, as súas alegacións ao procedemento ambiental e captación de augas da fábrica

[25] Pódese descargar o informe en: <http://ieu.gal/informe-acerca-dos-efectos-sobre-biodiversidade-da-instalacion-da-fabrica-de-altri/>

[26] A empresa promotora do proxecto presentou un estudo de impacto ambiental (eia) absolutamente incompleto e deficiente, do que se deduce a ausencia de participación de profesionais no ámbito da biodiversidade, amosando un desprezo polo patrimonio natural da Ulloa. Carece o estudo dun traballo rigoroso de inventariación, cuantificación e cartografiado específico de flora, vexetación, hábitats naturais e fauna, cando menos daquelas especies de flora e fauna que contan con algún tipo de catalogación. Son tamén apreciables carencias nas fontes de información empregadas polo equipo redactor, tanto pola ausencia de numerosos recursos documentais dispoñibles como pola interpretación errada á que se somete dita información. En canto a vexetación, no eia non se utiliza a nomenclatura fitosociolóxica de asociacións e comunidades vexetais, que resulta de uso xeral en traballos técnicos, así como nas referencias existentes na propia lexislación, co cal quedan sen describir comunidades vexetais existentes no trazado proxectado. E o inventario da fauna baséase en fontes documentais insuficientes e desactualizadas. Fontes: Informes da Sección de Medioambiente do Instituto de Estudos Ulloáns.

de celulosa de Altri (Greenfiber)²⁷. O 23 de marzo o IEU solicitou oficialmente á Deputación de Lugo a compra da finca de Quintas²⁸. E o 17 de abril o IEU presentou ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria as súas alegacións ao proxecto industrial de Greenfiber (proxecto GAMA)²⁹.

O IEU manifestaba deste xeito a súa oposición ao proxecto da fábrica de celulosa Altri-Greenfiber por afectar ao patrimonio natural e cultural da comarca da Ulloa e comarcas limítrofes (Arzúa, Deza e Terras de Melide), así como ao estado das augas da bacía hidrográfica do río Ulla e da atmosfera, o que ocasionaría un grave impacto no sector agrogandeiro, no sector turístico, na saúde das persoas e na paisaxe. Impulsaría ademais a eucaliptización das comarcas centrais de Galicia, coa consecuente perda de biodiversidade, contradicindo o obxectivo da Unión Europea de deter esta perda antes do ano 2030, e ocasionaría un elevado risco de degradación de solos, un maior consumo de auga e unha moi preocupante ameaza de incendios.

O informe técnico máis amplo e preciso foi o elaborado polos científicos e expertos de diferentes ámbitos reunidos polo Consello da Cultura Galega e que publicou co título *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*³⁰. No informe conclúese que a decisión de implantar unha fábrica de fibras téxtiles non responde nin a un plan territorial nin a un plan industrial que fosen avaliados ambientalmente e que a instalación do proxecto GAMA produciría unha grave fractura no territorio, no que introduce un elevado grao de incerteza

[27] Pódense descargar as alegacións en: <http://ieu.gal/alegacion-ieu-ao-procedemento-ambiental-e-captacion-de-augas-da-fabrica-de-celulosa-de-altri-presentada-o-27-de-febreiro-de-2024/>

[28] Pódese descargar a solicitude en: <http://ieu.gal/o-ieu-pide-deputacion-de-lugo-que-merque-finca-de-quintas-de-palas-de-rei-onde-se-preve-instalar-altri/>

[29] Pódense descargar as alegacións en: <http://ieu.gal/alegacions-ieu-ao-proxecto-industrial-de-greenfiber-presentadas-o-17-de-abril-de-2024/>

[30] Informe multidisciplinar coordinado por ccg (2024): *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Accesible en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4515>.

sobre a evolución futura e a viabilidade da recomposición do contexto social e territorial.

Pola súa parte, a empresa promotora, ante as máis de 23.000 alegacións ao proxecto presentadas, publicou, con evidente desatino, propostas correctoras ao impacto ambiental. É razoable a proposta de soterrar os 3 quilómetros de liñas eléctricas que se necesitarían para conectar a subestación da fábrica cos nodos externos de Rede Eléctrica Española (REE), mais non se da solución algunha ao impacto que produciría o tráfico diario de 1.500 vehículos (o 63 % vehículos pesados) que, ademais das vías de acceso á fábrica, afectarían á toda a zona Melide, a máis prexudicada xa que alí conflúen varias rutas xacobeas.

Pero a proposta máis disparatada foi a da execución dunha banda perimetral de plantación forestal para ocultar as voluminosas edificacións e a alta cheminea da fábrica. Confunden os responsables de Altri, por unha parte, o impacto visual co impacto paisaxístico, que require análises máis complexas. E por outra, mostran o seu descoñecemento absoluto do territorio e do seu medio natural coa proposta de crear unha barreira de ocultación para unha cheminea de 75 metros de altura introducindo especies alóctonas, ou inexistentes na área xeográfica, ou mesmo desapropiadas pola escasa profundidade e a natureza serpentínica da maior parte do solo no que se pretende levantar o complexo³¹.

O certo é que o Camiño Francés, declarado pola Unesco Patrimonio da Humanidade en 1993, e o Camiño Primitivo, Patrimonio da Humanidade en 2015, veranse afectados pola instalación da fábrica de pasta de celulosa en Palas de Rei debido á contaminación atmosférica que orixinaría, o impacto visual e paisaxístico, o incesante tráfico de vehículos pesados, a perda de bosque autóctono e a degradación dunha paisaxe antrópica propia ligada á actividade agrícola e gandeira.

[31] Precisaríanse especies perennes para crear unha barreira verde de ocultación permanente, mais ningunha árbore perennifolia ou caducifolia autóctona pode chegar a medir máis de 35 metros de altura. Tan só o eucalipto, despois de décadas e en condicións climáticas e edafolóxicas diferentes, podería superalos.

As declaracións de Patrimonio da Humanidade do Camiño Francés e do Camiño Primitivo e a aspiración a esa consideración dos demais Camiños a Compostela, veríanse seriamente comprometidas, co risco, máis que probable, de que sexan retiradas polo Comité do Patrimonio Mundial da Unesco debido á perda do carácter con que foron concedidas, xa que a perda da paisaxe tradicional é un elemento decisorio.

Ante este panorama desolador a resposta non se fixo esperar. A dilixente mobilización dos veciños e veciñas da Ulloa e das comarcas afectadas acendeu as alarmas de toda a sociedade galega, e o 26 de maio de 2024 unha manifestación multitudinaria contra a fábrica de Altri, con máis de 20.000 manifestantes, trouxo a Palas de Rei unha marea de xente procedente de toda Galicia. Alí encontrábanse as asociacións dos Amigos do Camiño de Santiago e adheríronse a ela, espontaneamente, peregrinos que facían o Camiño nesa data. Un mes máis tarde volveron a participar os Amigos do Camiño na manifestación que tivo lugar o domingo 30 de xuño en Compostela, na que se arrodeou o edificio administrativo de San Caetano, sede da Xunta de Galicia.

É comprensible, ante tanto despropósito, a desconfianza que os xestores do medio rural xeran entre os veciños e veciñas da Ulloa. Ante esta sensación de desamparo, de abandono do rural por parte das administracións, non facemos máis que preguntarnos: quen pode termar da paisaxe? Facíase esa mesma pregunta a escritora Marilar Jiménez Aleixandre no seu discurso *Voces tremando da paisaxe galega*:

Quen terma da paisaxe galega? E quen terma de nós? Cada unha, cada un somos unha coral, unha multiplicidade de voces que ás veces dialogan e outras rifan tirándose a palabra entre si. Na construción desas voces ou identidades a paisaxe que habitamos ten un papel crucial. Mais tamén a paisaxe é unha polifonía de voces, unhas físicas, outras discursivas, á que contribuímos³².

Con esa idea de paisaxe polifónica que nos remite á «paisaxe emocional» do Camiño de Santiago, valoramos a dimensión comunitaria, ambiental, histórica e espiritual do

[32] Jiménez Aleixandre (2017: 15).

Camiño e a súa vulnerabilidade ante impactos ambientais e socioeconómicos que poñen en perigo a identidade dos territorios que percorre. Tras os feitos acontecidos, os veciños e veciñas da Ulloa, a semellanza dos «riños-nenos» de Otero Pedraio, descubriron na unión a esencia da súa forza. E como di Marilar Aleixandre, das plantas ventureiras debemos aprender a resistencia. 🌱

CAIRÓN

Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 8. Marzo 2025

COORDINA

Daniel Salgado

ESCRIBEN, FOTOGRAFAN E DEBUXAN

Joaquín Araújo
Sonia Villapol Salgado
Rubén Camilo Lois González
Horacio García
Francisco Pardo Teijeiro
Ana Escariz Pérez
Fernando Salgado
Pepe do Xastre
Andrea Santiso Arias
Patricia Coucheiro
Adela Figueroa Panisse
Paco Ledo
Toño Núñez
Pablo Coucheiro Rodríguez
Eduardo Eirago
Ana G. Liste
Antonio Pérez Casas
Xulio Cuba Orosa

GRÁFICA

Laboratorio Numax

PRELO

Agencia Gráfica

ISSN: 2603-8471
DEP. LEGAL: LU 32-2017
Monterroso, 2025

